

Avaliación e promoción 4º educación primaria

Crterios de cualificación

Terase en conta o seguinte:

- Probas orais e escritas: Dentro da cualificación global de cada área queremos darlle peso ao redemento específico demostrado polo alumno e ao rendemento evidenciado a través das diferentes probas, tanto orais como escritas, realizadas para comprobar o nivel de coñecementos adquiridos e a capacidade de xeralización das aprendizaxes.
- Cadernos de aula e traballos individuais e colectivos: Diariamente realizaranse tarefas individuais ou grupais relacionadas con cada área que deberá realizar mantendo uns parámetros mínimos de presentación, orde, limpeza e esforzo.
- Interese: Terase en conta o interese cara ás diferentes áreas, a actitude manifestada e o respecto amosado cara aos distintos elementos (persoais e materiais) que configuran as programacións.

Partindo dunha nota mínima dun 4,5 aplicaranse as seguintes porcentaxes:

1. Comprensión de conceptos e grado de adquisición das competencias básicas a través de probas orais e escritas.	70 %
2. Análise das producións do alumno.	10 %
3. Constancia no traballo.	10 %
4. Interese por saber, atención e participación nas actividades propostas.	10 %

Mínimos esixibles

Matemáticas

- ⑩ Identificar, nomear e escribir números de 7 cifras.
- ⑩ Comprender e resolver problemas axeitados ao nivel.

- ⑩ Calcular sumas de varios números de ata sete cifras con levadas.
- ⑩ Calcular restas de números de ata sete cifras con levadas e comprobalas mediante a proba.
- ⑩ Calcular multiplicacións de 3 cifras con levadas.
- ⑩ Calcular divisións con divisor ata 2 cifras e comprobalas mediante a proba.
- ⑩ Coñecer os números romanos.
- ⑩ Recoñecer os termos da fracción. Ler e escribir fraccións.
- ⑩ Realizar cálculo mental das catro operacións con números sinxelos.
- ⑩ Coñecer o sistema métrico decimal.
- ⑩ Coñecer as medidas de capacidade e peso.
- ⑩ Distinguir nun número decimal a parte enteira e a parte decimal.
- ⑩ Distinguir os diferentes tipos de ángulos, triángulos e cuadriláteros.

Linguas

- Utilizar a linguaxe oral de forma coherente, como vehículo de comunicación e expresión.
- Ler e comprender textos axeitados a súa idade.
- Escribir con velocidade e caligrafía axeitadas.
- Diferenciar nunha oración os distintos tipos de palabras (sustantivo, adxectivo determinante e verbo)
- Familiarizarse cos tempos simples dos verbos en modo indicativo.
- Escribir textos utilizando o formato axeitado.
- Coñecer e aplicar as regras ortográficas básicas do nivel.
- Diferenciar entre os seguintes xéneros literarios: narración, poesía e teatro.

Naturais

- Coñecer e identificar as principais funcións dos seres vivos: relación, nutrición e reprodución.
- Recoñecer e saber en que consiste unha dieta saudable.
- Recoñecer as principais fontes de enerxía.
- Identificar cambios na materia.

- Coñecer e identificar características básicas de animais e plantas e as súas clasificacións.

Sociais

- Clasificar as capas do solo e identificar os elementos que determinan o tempo atmosférico.
- Lograr situar lugares nun mapa e coñecer e identificar elementos do relevo peninsular sobre un mapa.
- Coñecer as comunidades autónomas e as provincias de España.
- Coñecer as principais etapas da Historia.

Promoción

O alumno ou alumna accederá ao curso seguinte sempre que se considere que logrou os obxectivos que correspondan a este curso, e que alcanzou o grao de adquisición das competencias correspondentes. De non ser así, poderá repetir (unha soa vez durante a *etapa*), cun plan específico de reforzo ou recuperación e apoio. A repetición considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio.

O equipo docente adoptará as decisións correspondentes sobre a promoción do alumnado, atendendo aos resultados das avaliacións individualizadas, e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado tutor.

Establécense, ademais, os seguintes criterios de promoción de curso. O alumno ou alumna non promocionará se:

- Non acada os mínimos nas dúas linguas oficiais.
- Non acada os mínimos en matemáticas e nunha das linguas oficiais.
- Non acada os mínimos en tres áreas.